

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2022/10	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	31 de marzo de 2022
Duración	Dende as 13:10 ata as 13:16 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	María Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 24.03.2022

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 24 de

marzo de 2022.

Expediente 256/2021. Protección da Legalidade Urbanística JORGE LÓPEZ CARAMÉS

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Consta no expediente Providencia de Alcaldía a través da que se solicita visita de inspección por unha obra ilegal no lugar de Bravil, parroquia de Manduas, Silleda, RC 36052C513011950000TS.

Segundo.- En data 26/02/2021 o técnico municipal César Pereiras Cambón, realizada a visita de inspección emite informe no que indica a existencia dunha vivenda sen rematar no interior da parcela na que non parece que se fixeran obras recentemente. Advertindo que “sen embargo, si que se levaron a cabo obras nos muros de contención da parcela, e executáronse, recentemente, tres columnas de formigón e a súa cimentación”.

Terceiro.- Remítese copia do informe á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística comunicando a existencia dunha vivenda en solo rústico sen rematar e carecendo de título habilitante no que amparar as obras.

A APLU remite a este Concello acordo de data 05/08/2021 no que se incoa expediente de reposición da legalidade pola construción dunha vivenda unifamiliar en solo rústico, no lugar de Bravil, parroquia de Manduas, no termo municipal de Silleda, provincia de Pontevedra (referencia catastral 36052C513011950000TS).

Así mesmo resolve dar traslado das actuacións ao Concello de Silleda en relación coa construción de muros de contención, co fin de que pola persoa titular da alcaldía se adopten as medidas necesarias para a protección da legalidade urbanística, segundo o disposto no Capítulo III do Título VI da LSG.

Cuarto.- Consta informe xurídico número 73/2021, de data 11 de agosto, no que se propón incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións ilegais consistentes “na construción de muros de contención, e de tres columnas de formigón e a súa cimentación”, na parcela con referencia catastral RC 36052C513011950000TS, conforme se establece no artigo 153 da Lei 212016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Quinto.- Consta Decreto de Alcaldía número 640/2021, de data 11 de agosto, a través do que se incoa o expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións ilegais consistentes na “na construción de muros de contención, e de tres columnas de formigón e a súa cimentación”, na parcela con referencia catastral 36052C513011950000TS, conforme se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Sexto.- En data 13/12/2021, pola instrutora do expediente solicítase, que polo técnico municipal, Lino M. Doporto Framil se emita informe ao expediente a efectos da súa resolución.

Sétimo.- En informe do técnico municipal de data 11/02/2022, no que se propón o arquivo do expediente.

Oitavo.- Os promotores das obras presentan, con rexistro de entrada 2021-E-RC-3725, modelo de comunicación previa para obras de "Legalización de muro de pedra, de 15. m de largo por 1.20 m de alto" na parcela con referencia catastral 36052C513011950000TS, con un orzamento de 670,00 €. Achega pre-solicitude de AESA, orzamento, plano de situación e xustificante de pagamento das taxas municipais. Posteriormente ten entrada no rexistro deste Concello o acordo da AESA pola que autoriza estas obras.

Noveno.- Consta informe de Secretaría de data 29/03/2022, número 33 no que propón o arquivo do expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro. A reposición da legalidade ten a finalidade de proceder a devolver a legalidade á situación exposta cando se realizase un acto que requira presentar comunicación previa, ou sexa necesaria licenza urbanística ou orde de execución, sen ser presentada ou outorgada.

Segundo. O procedemento para a reposición da legalidade é o regulado nos artigos 379 e seguintes do RLSG.

A. Polos Servizos Técnicos Municipais emitírase informe sobre os actos que se executaron sen comunicación previa ou sen licenza e sobre a compatibilidade dos actos que se realizaron co planeamento urbanístico.

B. Incoado o expediente de reposición da legalidade, comunicárase ás persoas interesadas para a presentación de alegacións e da documentación que consideren oportuna.

C. Iniciado o expediente, o órgano competente, Alcaldía, previa audiencia ás persoas interesadas, resolverá o expediente adoptando algunha das seguintes resolucións.'

a) Se as obras non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordárase a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, á conta do interesado. Se os usos non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordárase a cesación dos mesmos.

b) Se as obras ou os usos puidesen ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirírase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa. No caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordárase a demolición das obras á conta do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que desen lugar.

c) Se as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar xustifíqueo.

Se, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos á conta do interesado.

D. O procedemento deberá resolverse no prazo dun ano a contar dende a data do acordo de iniciación.

E. En caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, repetidas mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

F. O procedemento de reposición á legalidade de obras terminadas sen comunicación previa ou licenza levarase a cabo sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

G. Transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán suxeitas ao réxime previsto no artigo 90 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Terceiro.- Obras obxecto de reposición da legalidade.

Son obxecto do presente expediente as obras consistentes na construción de muros de contención e tres columnas de formigón con cimentación, na parcela con referencia catastral número 36052C513011950000TS, sen título habilitante previo.

Cuarto.- Presentación de comunicación previa de obras polo interesado.

En data 16/09/2021 (RE 3725), Jorge López Caramés, presenta comunicación previa de obra para legalización dun muro de pedra, de 15 m de largo por 1,20 m de alto, indicando que da resposta ao expediente de reposición da legalidade número 256/2021.

Achega presuposto no que se describen os materiais precisos para a execución da obra e a autoliquidación en base a ese presuposto do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e da taxa por emisión de informe técnico.

Aporta autorización de AESA de data 15/10/2021. Expte. O21-0773.

Quinto.- Normativa aplicable:

As obras suxeitas a licenza urbanística son as establecidas no 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro. Por outra banda, o artigo 360.3 do RLSG, enumera unha serie de obras suxeitas a comunicación previa, excluindo deste réxime os muros de contención de mais de metro e medio de altura, pero incluíndo a execución de obras e instalacións menores. Deste xeito o técnico municipal entende que as obras obxecto de legalización están sometidas ao réxime de comunicación previa.

Estas obras están en solo clasificado como rústico, segundo o disposto polo técnico. O Concello conta cun PXOM aprobado no ano 1981 polo que segundo a DT 1ª da LSG o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia hasta a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguintes regras:

“d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico”.

Polo exposto, a esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMERO.- Arquivar o expediente de reposición da legalidade incoado polas actuacións consistentes na construción dun muro de contención e tres columnas con cimentación na parcela con referencia catastral 36052C513011950000TS do Concello de Silleda; sen contar con título habilitante previo, por desaparición sobrevida do obxecto do procedemento, tal e como se acredita no informe do técnico municipal, ao presentarse a correspondente comunicación previa de obras, que deberá seguir a súa tramitación correspondente.

SEGUNDO. Notificar a presente Resolución aos interesados con indicación dos oportunos recursos administrativos.

Expediente 1689/2021. Solicitud de LICENZA DE SEGREGACIÓN. ROBERTO LÓPEZ INFANTES

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES:

Primeiro.-Por Javier López Taboada, con DNI número XXXXX presentouse escrito o 24/09/2021, con rexistro de entrada 1027/2021, actuando en nome de Roberto Raúl López Infantes Montenegro, polo que se solicita licenza de segregación para reorganización de parcelas. Acompáñase documento denominado “Informe técnico de segregación coa finalidade de reorganizala propiedade en Cabodevila-Vilar-Silleda (Pontevedra)”, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, colexiado número 448 do COITA de Ourense, Luis Manuel Galego García. En data 24-09-2021.

Segundo.-En data 26/11/2021 o arquitecto municipal, Lino Manuel Doporto Framil emite informe

de requirimento á actuación. Consta realizado o requirimento o día 29/09/2021 (RS 1524, 1525).

Terceiro.-En data 14/12/2021 (RE 1408) presenta o interesado, documento de segregación reformado y xustificante da solicitude da Autorización a Consellería de Medio Rural.

Cuarto.-En data 23/12/2021 (RE 1433) preséntase polo interesado autorización da Consellería de Medio Rural, e acordo de reorganización de parcelas.

Quinto.- Consta autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de Pontevedra, presentada en data 22/02/2022 (RE 622).

Sexto.- Consta no expediente informe desfavorable de data 24/03/2022 do arquitecto municipal, Lino M. Doportó Framil.

Sétimo.- Consta emitido informe desfavorable da Secretaría Municipal de data 28/03/2022, número 31.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- Os actos de referencia están suxeitos a previa licenza urbanística, de conformidade co disposto no artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro. “Las parcelaciones, segregaciones u otros actos de división de terrenos en cualquier clase de suelo, cuando no formasen parte de un proyecto de reparcelación”.

É obxecto da memoria presentada, tal e como se define, o seguinte:

“Informe Técnico de segregación con la finalidad de reorganizar la propiedad, de cinco parcelas rústicas situadas en el lugar de Cabodevila, parroquia de Vilar, en el término municipal de Silleda (PONTEVEDRA)”

As parcelas rústicas que identifican como matrices teñen o mesmo número de parcela (242) do mesmo polígono (503) e coa mesma referencia catastral: 36052L503002420000BQ.

Indican que o que se pretende e modificar a configuración das parcelas para regularizar a súa situación de división actual, reducindo o seu número, pasando de 5 a dúas.

SEGUNDO.- AUTORIZACIÓN S SECTORIAIS.

O deber de solicitar e obter licenza non exclúe a obriga de obter cantas autorizacións sexan legalmente esixibles polos distintos organismos da Administración, no podendo o Concello outorgar a licenza sen a previa autorización se fose o caso. Constan as autorizacións sectoriais indicadas polo técnico municipal.

TERCEIRO.- CLASIFICACIÓN E CALIFICACIÓN DO SOLO.

O Concello de Silleda conta cun PXOM aprobado no ano 1981 polo que segundo a DT 1ª da LSG o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente

lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia hasta a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguintes regras:

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico”.

Desaparecendo polo tanto a categorización do solo rústico recollido no PXOM de Silleda, en aplicación do disposto na Lei 2/2016, de 10 febreiro, do Solo de Galicia, artigo 34, terá a consideración de solo rústico de protección agropecuaria, o constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

“A concentración parcelaria da zona de Taboada-Villar, no Concello de Silleda, foi declarada de utilidade pública e urxente execución polo decreto do 13 de agosto de 1973, e finalizou o 02/04/96 coa aprobación da acta de reorganización da propiedade. Como resultado do proceso de concentración, definiuse o predio de reemprazo 242 do polígono 3 como parte de dita acta”.

Segundo informe emitido polo técnico municipal as fincas obxecto da operación solicitada atópanse en solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

CUARTO.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE Á ACTUACIÓN SOLICITADA.

Segundo o artigo 366 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

Para estes efectos, son parcelacións urbanísticas todas as divisións ou segregacións de terreos cando, con independencia da clase de solo no que se pretendan realizar, teñan como obxectivo levar a cabo ou facilitar os actos de utilización propios do solo urbano e a implantación de obras propias deste solo, por razón das características físicas dos terreos afectados, da súa delimitación por vías existentes ou de nova creación, da implantación de servizos urbanísticos ou das características das obras descritas na operación de división.

Por outra banda o artigo 367 do Regulamento citado, en relación ao solo rústico establece con carácter xeral a prohibición de realizar segregacións en solo rústico, permitíndoas só nos supostos de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

Estando permitidas, sen embargo, sempre que a súa finalidade sexa a de reorganizar a propiedade, e coa condición de que non resulte un maior número de parcelas respecto ao orixinariamente existente.

En todo caso, respectarase a superficie mínima e indivisible que determine a lexislación agraria (DECRETO 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia).

Debéndose respectar en calquera caso o réxime de parcelacións e divisións de terreos regulado no artigo 368 RLSG:

1. Non poderá efectuarse ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o plan urbanístico esixible segundo a clase de chan de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibida en chan rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

2. Non poderá realizarse ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no plan, salvo que devanditos lotes sexan adquiridos de forma simultánea polos propietarios de terreos lindeiros a fin de agrupalos coas súas leiras para constituír unha nova.

3. Serán indivisibles as parcelas edificables conforme a unha relación determinada entre superficie do chan e superficie construíble cando se edificase a correspondente a toda a superficie do chan, ou, no caso de que se edificase a correspondente só a unha parte dela, a restante, se fose inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

4. En ningún caso consideraranse solares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e deste regulamento.

5. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obrigação da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo plan.

O previsto neste apartado debe entenderse en consonancia co previsto nos artigos 30 e 36 deste regulamento para o solo urbano e o solo de núcleo rural, respectivamente.

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, salvo que o concello declare o seu innecesiedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelamento ou expropiación (artigo 150.6.a) da LSG).

b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas (artigo 150.6. b) da LSG).

c) O outorgamento polo plan de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe (artigo 150.6. c) da LSG).

7. Os notarios e rexistradores da propiedade esixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa en que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesiedade.

8. Polo que se refire aos complexos inmobiliarios ou á construción de parcelas en réxime de propiedade horizontal estarase ao disposto na lexislación estatal vixente.

Segundo o proxecto presentado a parcela sobre a que se pretende realizar a presente operación é a inscrita no Rexistro da Propiedade de Lalín, co número 38.277 de Silleda, cunha superficie de 3.325m². Figurando na Dirección Xeral de Catastro coa seguinte referencia catastral: 36052L503002420000BQ.

A presente actuación baséase polo tanto en dividila finca matriz en dúas fincas:

Parcela 1, conta cunha superficie de 732m²

Parcela 2, con una superficie de 2.886m²

Deste xeito, non se sostén que nunha única parcela rexistral e catastral se podan diferenciar cinco parcelas matrices, en base a existencia de cinco edificacións, coa finalidade de concluír que a actuación ten por obxecto reorganizar a propiedade, cando se está incumprindo a condición de que non resulte un maior número de parcelas respecto ao orixinariamente existente, ao pasar a actuación pretendida dunha finca a dúas.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Denegar a concesión de licenza de segregación para reorganización de parcelas, segundo a proposta recollida no documento presentado "Informe técnico de segregación coa finalidade de reorganizala propiedade en Cabodevila-Vilar-Silleda (Pontevedra)", asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, colexiado número 448 do COITA de Ourense, Luis Manuel Galego García en data 24-09-2021, solicitada por Roberto Raúl López Infantes Montenegro, con DNI número 53.018.909-E, ao entender que a parcela matriz con referencia catastral 36052L503002420000BQ que se pretende segregar é unha única parcela e que a segregación incumpre o establecido no artigo 149 da Lei do Solo de Galicia e no 367 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.-Aprobala liquidación por importe de 60,10 euros, pola tramitación de licencias municipais de segregación e parcelación solo rústico por 60,10, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos. BOP nº 43 de 1 de marzo de 2012.

Terceiro.- Notificar este acordo as persoas interesadas.

Expediente 1022/2021. Protección da Legalidade Urbanística PECHE EN TOIRIZ

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Consta no expediente informe da técnica María José García Fidalgo, de data 24/05/2021, no que pon de manifesto a existencia dunha actuación consistente na colocación

dun peche de 5 postes de madeira e un cordel, no lugar de Toiriz nº25, Concello de Silleda; na referencia catastral36052K504060070000EG, sen contar con título habilitante, propoñendo a incoación de expediente de reposición da legalidade.

Segundo.- En data 06/06/2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda adoptou o acordo de incoación do expediente de reposición da legalidade polas referidas.

Terceiro.- Consta escrito do denunciado, presentado en data 13/01/2022 (RE 109), no que manifesta que retirou os cinco postes de madeira e o cordel.

Cuarto.- Consta informe emitido polo técnico municipal tras a realización de visitas de inspección, en data 11/02/2022 no que se expón o seguinte: Xirada visita de inspección o día 10 de febreiro de 2022 conséntase que o peche formado por postes de madeira e corda foi retirado e restituíuse o terreo ao seu estado anterior, e propoñendo o arquivo do presente expediente.

Quinto.- Consta informe da instrutora do procedemento nº 32, de data 28/03/2022.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro. A reposición da legalidade ten a finalidade de proceder a devolver a legalidade á situación exposta cando se realizase un acto que requira presentar comunicación previa, ou sexa necesaria licenza urbanística ou orde de execución, sen ser presentada ou outorgada.

Segundo. O procedemento para a reposición da legalidade é o regulado nos artigos 379 e seguintes do RLSG.

A. Polos Servizos Técnicos Municipais emitírase informe sobre os actos que se executaron sen comunicación previa ou sen licenza e sobre a compatibilidade dos actos que se realizaron co planeamento urbanístico.

B. Incoado o expediente de reposición da legalidade, comunicárase ás persoas interesadas para a presentación de alegacións e da documentación que consideren oportuna.

C. Iniciado o expediente, o órgano competente, Alcaldía, previa audiencia ás persoas interesadas, resolverá o expediente adoptando algunha das seguintes resolucións.'

a) Se as obras non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordárase a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, á conta do interesado. Se os usos non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordárase a cesación dos mesmos.

b) Se as obras ou os usos puidesen ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirírase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa. No caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordárase a demolición das obras á conta do interesado, procedéndose a impedir

definitivamente os usos a que desen lugar.

c) Se as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar xustifiquen.

Se, transcrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos á conta do interesado.

D. O procedemento deberá resolverse no prazo dun ano a contar dende a data do acordo de iniciación.

E. En caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, repetidas mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

F. O procedemento de reposición á legalidade de obras terminadas sen comunicación previa ou licenza levarase a cabo sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

G. Transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán suxeitas ao réxime previsto no artigo 90 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Terceiro.- Obras obxecto de reposición da legalidade.

Son obxecto do presente expediente as obras consistentes na colocación dun peche de 5 postes de madeira e un cordel, no lugar de Toiriz nº25, Concello de Silleda; na referencia catastral36052K504060070000EG, sen contar con título habilitante.

Realizada a visita de inspección se comproba que as obras obxecto de incoación do presente expediente foron retiradas, desaparecendo polo tanto o obxecto do mesmo.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMERO.- Arquivar o expediente de reposición da legalidade incoado polas actuacións consistentes na colocación dun peche de 5 postes de madeira e un cordel, no lugar de Toiriz nº25, Concello de Silleda; na referencia catastral36052K504060070000EG, sen contar con título habilitante previo, por desaparición sobrevida do obxecto do procedemento, tal e como se acredita no informe do técnico municipal.

SEGUNDO. Notificar a presente Resolución aos interesados con indicación dos oportunos

recursos administrativos.

Expediente 345/2022. Procedemento Xenérico - Convenio de Colaboración entre o Concello de Silleda e a Banda de Música Municipal de Silleda para o ano 2022

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 345/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, explicando que a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local débese a necesidade de garantir que de xeito inmediato a Banda de Música teña dispoñible a axuda que se está a canalizar por medio deste convenio, co fin de que podan continuar coa realización das súas actividades.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 31 de marzo de 2022.

Expediente 345/2022. Procedemento Xenérico - Convenio de Colaboración entre o Concello de Silleda e a Banda de Música Municipal de Silleda para o ano 2022

Vista a intensa labor cultural que realiza a Asociación Cultural Banda de Música municipal de Silleda

Visto o programa presentado pola entidade para 2022 e o traballo didáctico que vén desenvolvendo nos últimos anos a través da Escola de Música de Silleda

Visto o necesario apoio do Concello de Silleda a este tipo de iniciativas, para a promoción e difusión da música e da cultura

Visto o informe de Intervención que obra no expediente

Visto o convenio proposto que se transcribe a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE SILLEDA

En Silleda, á data da sinatura electrónica

Dunha parte, D. Manuel Cuiña Fernández, actuando como Alcalde-Presidente no seu nome e

Concello de Silleda

representación do Concello de Silleda, con CIF 3605200-I

Doutra parte, José Herminio Gómez Frade, con DNI 7XXXXXX, como representante legal e en calidade de Presidente da Asociación Cultural Banda de Música Municipal de Silleda, con CIF G-36266682

Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, María Fernanda Montero Parapar

As partes se recoñecen a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e

EXPOÑEN:

Primeiro.- Finalidade e obxectivos.

A Banda de Música Municipal de Silleda é a día de hoxe un dos colectivos culturais máis significados do municipio, pola súa traxectoria e tamén polo número de actividades que organiza e a repercusión das mesmas. Así mesmo, a Banda tense convertido nun dos mellores embaixadores do municipio, ademais de ser a entidade promotora dunha das iniciativas con máis éxito no eido cultural: a creación da Escola de Música Municipal, hoxe con máis de 200 alumnos e alumnas.

Atesourando máis de 125 anos de historia, a Banda de Música Municipal de Silleda vense significando polo pulo renovador que está a vivir nas últimas décadas, coa organización de eventos xa consolidados (Día da Música ou o Concerto de Nadal) e que reúnen a milleiros de persoas. A súa exitosa participación en eventos máis recentes como o Certame de Bandas de Música de Valencia, ou no Festival Intercéltico de Lorient (Francia) , súmanse á exitosa traxectoria da Banda, que logrou tamén implicar á veciñanza de Silleda cos seus novos proxectos.

Todas as actividades, concertos e festivais que organiza a Banda de Música Municipal de Silleda supoñen un importe esforzo económico ao longo do ano para esta agrupación, rondando os 70.000 euros.

Tendo en conta a importancia da Banda na sociedade, e a repercusión a nivel cultural así como a destacada labor que realiza no plano didáctico, a finalidade deste convenio é axudar á financiación dos custos que supoñen para a agrupación a organización de actividades así como a súa participación noutras iniciativas que puideran xurdir.

Segundo.- Financiamento.

O proxecto será financiado con cargo a partida 334.48 (Subvencións Asociacións Culturais) do orzamento municipal de Silleda para 2022 por importe de 20.000 euros (vinte mil euros).

Terceiro.- Competencias municipais.

De conformidade cos artigos 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola

lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de promoción do deporte.

Cuarto.-Natureza

O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ao amparo da mesma.

Quinto.- Necesidade y oportunidade.

Este convenio ten como obxectivo regular a subvención nominativa aprobada nos orzamentos municipais do Concello de Silleda para o ano 2022 (Base 57) con cargo á partida 334.48

Sexto.-Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas polo Alcalde do Concello de Silleda.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Silleda e a Banda de Música Municipal de Silleda, no ámbito da promoción e dinamización cultural

2.- Obrigas e compromisos económicos asumidos polo concello (art. 49 d) Lei 40/2015)

Mediante o presente convenio de colaboración se acorda a aportación de 20.000 € (vinte mil euros) con cargo ao orzamento do Concello de Silleda.

3.-Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) de la Lei 40/2015)

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar la correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes firmantes.

5.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022

6.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia.*
- O acordo unánime de todas as partes.*
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.*
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade*
- Calquera outra prevista nas leis.*

7.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás restantes o dano causado.

8.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes se obrigan a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

9.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.*
- 2.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.*
- 3.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se cocede a subvención.*
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais*
- 5.- .Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
- 6.- Acreditar con anterioridade a dictarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.*

7.- *Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.*

8.- *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.*

9.- *Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.*

10.- *Gastos subvencionables.*

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido (dende o 16 de novembro de 2021 ata o 31 de decembro de 2022)

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

11. *Xustificación.*

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

1.- *Facturas reglamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.*

2.- *Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.*

3.- *Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.*

4.- *Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

5.- *Certificado das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade.*

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos

subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

Poderán presentarse ata dúa xustificacións parciais, ademais da xustificación final, sen posibilidade de prórroga

12.-Publicidade.

O Concello de Silleda, terá a consideración de patrocinador institucional da Banda de Música Municipal de Silleda, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio. Tamén por parte da entidade beneficiaria se incluírá o logo do Concello de Silleda nos carteis, publicacións ou outro material promocional no que se den conta das actividades subvencionadas.

13.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguemento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que poidera resultar de aplicación.

As aportacións realizadas polos Concello se rexirán pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en Silleda, á data da sinatura electrónica.

*José Herminio Gómez Frade
Presidente da Banda Municipal de Silleda*

*Manuel Cuiña Fernández
Alcalde Concello de Silleda*

*A Secretaria
María Fernanda Montero Parapar”*

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

- Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Silleda e a Banda de Música Municipal de Silleda para o ano 2022, cun importe de 20.000 euros, transcrito anteriormente e que asinarán o alcalde, Manuel Cuiña, en representación do Concello, e o presidente da agrupación bandística, José Herminio Gómez Frade, en representación da mesma.

- Dar conta do presente convenio ao departamento de Intervención.

Expediente 428/2022. Subvencións Directas ou Nominativas - CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O DEPORTISTA CHISTRIAN COSTOYA SANABRIA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 428/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, explicando que a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local débese a necesidade de garantir que de xeito inmediato o deportista Christian Costoya Sanabria teña dispoñible a axuda que se está a canalizar por medio deste convenio, co fin de que poda continuar coa realización das súas actividades.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 31 de marzo de 2022.

Expediente 428/2022. Subvencións Directas ou Nominativas - CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O DEPORTISTA CHRISTIAN COSTOYA SANABRIA

Vista a traxectoria do deportista silledense Christian Costoya Sanabria, representado polo seu proxenitor, D. Marcos Costoya, e as súas posibilidades de destacar dentro do mundo deportivo do motor a nivel internacional

Visto que é tarefa e obxectivo desta entidade local axudar ao citado deportista a asumir os custes que supón para esta familia silledense o feito de asistir as carreiras necesarias para estar presente en probas como o campionato de España de Karting, e nos campionatos WSK Euro Series, WSK Open Cup, e WSK Champions Cup

Vista a promoción do Concello de Silleda que se realizará nas carreiras e probas internacionais nas que participe o citado deportista

Visto o apoio a través do convenio asinado en anos anteriores

Visto o informe de Intervención que obra no expediente

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O DEPORTISTA CHRISTIAN COSTOYA SANABRIA QUE SE TRANSCRIBE A CONTINUACIÓN :

“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O DEPORTISTA CHRISTIAN COSTOYA SANABRIA

En Silleda á data da sinatura electrónica

REÚNENSE

Dunha parte, D. Manuel Cuiña Fernández, actuando no seu nome e representación do Concello de Silleda.

Doutra parte, Marcos Costoya Castro, DNIxxxx , como representante legal do menor Cristian Costoya Sanabria.

Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, María Fernanda Montero Parapar

As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e

EXPOÑEN:

Primeiro.- Finalidade e obxectivos.

Dada a traxectoria do deportista e a súa posibilidade de destacar dentro do mundo deportivo do motor, consideramos que debemos axudar a asumir os custes que supón para esta familia silledense o feito de asistir as carreiras necesarias para estar presente en probas internacionais comoa a WSK Euro Series, WSK Open Cup, WSK Champions CUP 2022 ou o Trofeo Andrea Margutti, entre outros.

Todas estas participacións supoñen un custo de 48.000 euros, que sen dubida son difíciles de asumir a nivel particular, incluso pese á cooperación de patrocinadores particulares.

Tendo en conta o interese de fomento do deporte, que debe realizarse non so a nivel de deporte base senón tamén a nivel de competición xa que este contribúe a súa vez ao interese no deporte consideramos necesaria a participación do Concello, coa finalidade de promocionar un deportista a nivel nacional e inclusive internacionalmente.

A finalidade deste convenio e axudar na financiación dos custos que supoñen para o deportista poder participar nas diferentes carreiras para poder alcanzar o obxectivo de posicionarse nun nivel significativo no mundo do deporte automovilístico.

Segundo.- Financiamento.

O proxecto será financiado con cargo a partida 241-48 (Fomento do Deporte) por importe de 15.000 euros.

Terceiro.- Competencias municipais.

De conformidade cos artigos 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de promoción do deporte.

Cuarto.-Natureza

O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ao amparo da mesma.

Quinto.- Necesidade y oportunidade.

Este convenio ten como obxectivo regular a subvención nominativa aprobada nos orzamentos municipais do Concello de Silleda para o exercicio 2022 (Base 57), con cargo á partida 241.48.

Sexto.-Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas polo Alcalde do Concello de Silleda.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Silleda e o deportista Christian Costoya no fomento do Deporte silledense e na imaxe do Concello de Silleda en relación co deporte.

2.- Obrigacións e compromisos económicos asumidos polo concello (art. 49 d) Lei 40/2015)

Mediante o presente convenio de colaboración se acorda a aportación de 15.000 con cargo ao orzamento do Concello de Silleda.

3.-Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) de la Lei 40/2015)

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar la correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes firmantes.

5.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022

6.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia.*
- O acordo unánime de todas as partes.*
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.*
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade*
- Calquera outra prevista nas leis.*

7.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás restantes o dano causado.

8.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes se obrigan a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

9.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.

2.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.

3.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se cocede a subvención.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais

5.- *Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

6.- *Acreditar con anterioridade a dictarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.*

7.- *Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.*

8.- *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.*

9.- *Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.*

10.- *Gastos subvencionables.*

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido.

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

11. *Xustificación.*

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

1. *Facturas reglamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.*

2. *Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.*

3. *Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.*
4. *Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
5. *Certificado das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade.*

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

Poderán presentarse ata dúa xustificacións parciais, ademáis da xustificación final, sen posibilidade de prórroga.

12.-Publicidade.

1. O Concello de Silleda , terá a consideración de patrocinador institucional do deportista Christian Costoya Sanabria, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio.

2. Presenza en actos oficiais

O deportista Christian Costoya Sanabria , a través do seu representante legal : Marcos Costoya Castro, con DNI 44832524 G, comunicará e convidará aos representantes do Concello de Silleda, a calquera acto promocional ou protocolario organizado polo Patrocinado, tales como competicións, actos de difusión, etc., facilitándose as invitacións ou acreditacións necesarias para o Acto.

3.- Publicidade en presentacións

O deportista garantirá que o Concello de Silleda , teña presenza publicitaria nas presentacións e actos públicos que leve a cabo, facendo mención do patrocinio oficial da citada entidade municipal en cantas entrevistas, presentación, roldas de prensa ou similares convóquense.

4.- Accións publicitarias.

O deportista Christian Costoya Sanabria (o seu representante legal_ Marcos Costoya Castro, DNI 44832524 G) , publicitará a marca “Silleda ” na indumentaria que vista en todas as competicións na que participe durante o ano natural de 2022 .

O deportista Christian Costoya Sanabria exhibirá unha placa na súa sede, en lugar visible na que apareza o logotipo do Concello de Silleda coa lenda “Concello de Silleda Patrocinador Oficial”.

5.- Material Promocional.

Así mesmo, o deportista Christian Costoya Sanabria publicitará á marca CONCELLO DE SILLEDA , en calquera acción publicitaria levada a cabo polo patrocinado, tanto anuncios en

medios de comunicación (prensa e televisión) como en calquera elemento

12.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguemento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que poidera resultar de aplicación.

As aportacións realizadas polo Concello se rexirán pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en Silleda, á data da sinatura electrónica

*Marcos Costoya Castro
Representante do menor*

*Manuel Cuiña Fernández
Alcalde Concello de Silleda*

*A Secretaria Xeral
María Fernanda Montero Parapar*

*A concelleira de Deportes
Mónica González Conde”*

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE